

Eleccións francesas: balón de osíxeno ?

Description

Tralos resultados oficiais das eleccións francesas escoitouse un leve suspiro de alivio que recorreu gran parte de Europa. As previsións, coma en 2002, cumpríronse e a Fronte Nacional (FN) volveu quedar as portas da presidencia de Francia. Sen embargo, a situación dista enormemente da vivida hai 15 anos(1) e os resultados desta segunda volta das presidenciais francesas deixan, ou deberían deixar, un sabor agridoce no padal da sociedade gala e do resto de Europa.

Tralos resultados oficiais das eleccións francesas escoitouse un leve suspiro de alivio que recorreu gran parte de Europa. As previsións, coma en 2002, cumpríronse e a Fronte Nacional (FN) volveu quedar as portas da presidencia de Francia. Sen embargo, a situación dista enormemente da vivida hai 15 anos(1) e os resultados desta segunda volta das presidenciais francesas deixan, ou deberían deixar, un sabor agridoce no padal da sociedade gala e do resto de Europa.

A vitoria do candidato “europeísta”, Emmanuel Macron, parece dar un respiro e disipar (polo de agora) as pantasma xurdidas tralo “Brexit” e a vitoria de Donald Trump en EUA. A tendencia que estes fenómenos abriron semella pouco a pouco reconducirse tralos resultados en Austria, Holanda e agora Francia. Sen embargo, o triunfalismo inicial debería ser prontamente deixado ao marxe, pois o amplo apoio colectado por estes movementos eurófobos, xenófobos e illacionistas denota que o proceso non se atopa nin moito menos esgotado, que existen problemas sistémicos que alimentan o seu apoio social e que resulta preciso confrontalos dende o primeiro momento.

Pese a reproducirse unha fronte común (non carente de fisuras), co denominado “muro republicano”, e obter unha “folgada” vitoria (66,06% – 33,94%), os resultados representan un fito sen precedentes para a FN e, pese as expectativas incumpridas, para unha Marine Le Pen que soubo aglutinar á sociedade descontenta cos procesos consolidados nas últimas décadas. Estas eleccións presentábanse, sen lugar a dúbidas, cruciais para o grupo da extrema dereita. Pero non nos enganemos, non resultaban nin o único nin o definitivo asalto ao Palacio do Elíseo.

Para poder revertir a perigosa tendencia estendida no esquema sociopolítico francés, resulta imperante un análise exhaustivo dos procesos e da conxuntura que conduciron a consolidación desta realidade. Do contrario, todo parece indicar que o fenómeno Le Pen non irá a ningures e retornará con maior forza nos comicios vindeiros (municipais de 2020 e presidenciais de 2022).

Un novo reto: 2022

Nos últimos anos, a erupción dos partidos de extrema dereita e a súa consolidación coma actores de primeiro nivel denotou a crise endémica do sistema político tradicional e ameazou a continuidade do proxecto europeo. Se ben e certo que non se traduciu, polo de agora, nun cambio significativo da idiosincrasia dos sistemas democráticos europeos (salvo en casos puntuais)(2) ou das institucións supranacionais, si é posible visualizar pautas asumidas nos grupos políticos tradicionais que terminan por lexitimar parte dos discursos destes grupos.

Por exemplo, tanto no caso holandés coma no francés observamos a asunción de parte do discurso xenófobo de Wilders e Le Pen por parte dos partidos maioritarios conservadores (Rutte e Fillon). Isto non fai senón reafirmar a existencia e importancia dunha problemática racial ou étnica, calando no debate político e social e outorgando ferramentas para a continuidade destes discursos e o afondamento da fractura social.

En Francia, esta tendencia reflicte enormemente nas capacidades futuras da Fronte Nacional, xa que a base da súa retórica atópase amplamente ligada ao discurso anti-inmigración e permítelle capitalizar o descontento sobre un tema cada vez máis colocado nos medios e no debate público. Máis aínda se temos en conta que a fractura social fraguada ao albor dos modelos de integración asimilativos, e a correspondente conflitividade, vese progresivamente agravada ante un escenario económico desfavorable e ao impacto mediático dos fluxos de refuxiados, pese a que estes reducíronse significativamente trala externalización fronteiriza a través de Turquía.

Paralelamente, no escenario político, a fronte común xeneralizada contra Le Pen por parte do Partido Socialista Francés (PS) e do Partido Republicano (PR), así como a previsible necesidade de Macron de contar con elementos destes partidos para o próximo goberno, debido a escasa forza territorial do seu movemento En Marche! e a proximidade das eleccións lexislativas (22 de xuño), parece deixar á Fronte Nacional nunha situación óptima para erixirse coma referente da oposición. Do mesmo xeito, e tendo en conta o crecente descrédito dos partidos tradicionais, identificados coma “*o establishment*”, o apoio a cabalo entre esquerda (PS) e dereita (PR) podería derrubar a imaxe de “*outsider*” que impulsou a candidatura do novo Presidente da República.

Na incógnita queda, polo de agora, o rol futuro da Francia Insumisa de Jean-Luc Mélenchon, que dependerá enormemente da súa capacidade para construír unha plataforma política sólida, algo complexo na panoplia de correntes da esquerda francesa.

No esquema socioeconómico, a axenda marcadamente liberal do próximo goberno provoca certos receos nun espectro importante da poboación(3) e non parece que vaia suplir as demandas da porción social máis afectada pola globalización, vítimas directas e indirectas de procesos como a deslocalización industrial das décadas de 1980-2000. Así mesmo, a desaceleración económica, os crecentes índices de desemprego ou a progresiva perda de capacidades que azouta as zonas rurais e pequenas urbes ou comunidades periféricas dos grandes núcleos urbanos (especialmente en zonas do leste e do norte), non mostra visos de poder revertirse a curto prazo, e mesmo indica que a situación podería verse empeorada.

De igual xeito, as tensións existentes pola recente reforma laboral e o previsible aumento do desemprego xuvenil (actualmente superando o 23%) poderían reorientar a parte deste espectro de poboación cara as teses da FN, pese a non simpatizar polo de agora con este grupo (nesta primeira volta só obtivo o apoio do 21% deste segmento, fronte ao 30% de candidatos coma Mélenchon).

De forma paralela, tamén parece consolidarse unha crecente popularidade de movementos que avogan pola desvinculación co esquema político, a través do fomento da abstención nos procesos electorais ou do voto en branco/nulo (ambas porcentaxes sumarían o 36% do electorado) e que, de consolidarse, poden xogar un papel primordial no futuro da FN que, pola contra da maioría de partidos restantes, mostra unha base de apoio mais o menos sólida.

Escenario complexo

Francia ponse novamente en marcha, nunha conxuntura delicada que porá a proba o experimento e a validez da denominada “terceira vía”. O novo executivo que presidirá Emmanuel Macron, terá ante si o complexo reto de reunificar un país moi polarizado, moi dividido, tanto a nivel social coma político, cun debate pendente sobre identidade nacional delicado no que terá que fiar moi fino se pretende reconducir a situación.

De igual xeito, as expectativas creadas ao redor do candidato “centrista”, tanto a nivel nacional coma europeo, poden verse prontamente frustradas ante previsible debilidade institucional do seu goberno, con risco de “morrer de éxito”.

Pola súa banda, Marine Le Pen xa parece tomar a iniciativa de cara aos enfrontamentos vindeiros, anunciando unha reformulación do seu partido e a súa transformación nunha alianza patriótica, remarcando así a fractura entre “eles” (o *establishment*, os mundialistas) e “nós” (o pobo, os patriotas), erixíndose así coma líder da oposición.

O complexo panorama francés a curto/medio prazo e as debilidades dos seus opoñentes políticos, ben sexa por débiles estruturas partidistas ou pola deriva e falta de credibilidade, outórganlle a FN un espazo amplo no que manobrar con ambición e optimismo de cara a 2022. As néboas que asomaron nos últimos tempos en Francia e no resto de Europa semellaron disiparse, mais a realidade augura que retornarán, e con forza. Debemos por tanto estar atentos.

Alexandre Rey Parrado,

licenciado en Historia (USC) e estudante no Master “Seguridade, Paz e Conflitos Internacionais” (USC/CESEG), actualmente realiza prácticas no IGADI.

Citas bibliográficas:

- (1) O bloque contra a Fronte Nacional foi sólido e a participación e mobilización contundente, o resultado: 82,2% fronte o 17,7%.
- (2) Como poden ser os casos de Hungría, Bulgaria ou a deriva de Polonia.
- (3) Facendo unha lectura do amplo respaldo obtido polos programas afastados das teses liberais.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Francia Le Pen

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Maio 2017

Meta Fields

Autoria : 3769

Datapublicacion : 2017-05-09 00:00:00

Subtitulo : Unha análise de Alexandre Rey Parrado, estudante en prácticas da USC